

Nome:

1 Completa as oracións coa palabra que corresponda en cada caso.

dá / da

é / e

vén / ven

- A persoa que _____ as instrucións é o adestrador do equipo.
- A miña amiga Marcela _____ italiana.
- Se non _____ á excursión, deberá quedar na aula.

2 Observa o debuxo e completa a historia sobre o que lle pasou a este personaxe. Teñen que aparecer as palabras *óso/oso, é/e, póla/pola*.

Frutuoso _____ un _____ moi atrevido _____ larpeiro. Anda sempre á procura de mel. O outro día descubriu un panal que estaba nunha _____ alta. Púxose a gabear _____ árbore para alcanzar o delicioso mel, esvarou e... pataplás!, foi dereitiño ao chan! Pobre Frutuoso mancou a pata e rompeu un _____



3 Escribe as oracións facendo as contraccións dos pronomes que corresponden.

- Xa **che** o dixen moitas veces; eu non **lles** o contei!

- O xogo non **vos** o podo emprestar porque xa **lle** o deixei a Xoel.

- Cando **me** o contou, eu díxenlle que non **lle** o cría.

4 Numera cada oración segundo o significado da palabra *copa*.

1. Vaso con forma de campá sostido sobre un pé.

2. Premio que se dá ao gañador dunha competición deportiva.

3. Parte máis alta dunha árbore, formada por follas e pólas.

- ☐ A copa da árbore está chea de paxaros.
- ☐ Bótame máis auga na copa, por favor.
- ☐ Chegou o primeiro e conseguiu a copa que tanto desexaba.

5 Arrodea as palabras que sexan polisémicas.

- pé
- reloxo
- manga
- goma
- calendario